

PROXECTO ANUAL 2015-2016

BIBLIOTECA POETA DÍAZ CASTRO

**IES POETA DIAZ
CASTRO**

GUITIRIZ

INDICE

1-. O CENTRO E O SEU ENTORNO	2
2-. A NOSA BIBLIOTECA	3
3-. OBXECTIVOS FUNDAMENTAIS	5
4-. EQUIPO DE BIBLIOTECA	6
5. PLAN DE ADQUISICIÓN DE FONDOS	6
6-. XESTIÓN CENTRALIZADA DOS FONDOS	8
7-. PROMOCIÓN DOS RECURSOS	8
8. FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL	10
9. FOMENTO DA LECTURA	11
10-. FOMENTO DA ESCRITURA CREATIVA	16
11-. ACTIVIDADES CULTURAIS.	17
12-. COLABORACIÓN COS DEPARTAMENTOS E ITINERARIOS LECTORES	17
13-. PLAN DE AUTOAVALIACIÓN.	26
13-. IMPLICACIÓN E INCIDENCIA NO CENTRO .	26
14-. PERIODIZACIÓN	27

1-. O CENTRO E O SEU ENTORNO

O alumnado do centro pertence maioritariamente o concello de Guitiriz e en menos medida o concello de Aranga. O concello de Guitiriz contaba no ano 2010 con 5821 habitantes, distribuídos en 18 parroquias. O Concello de aranga conta con 2126 habitante distribuidos en 6 parroquias. Trátase dunha zona rural cunha poboación diseminada. O núcleo máis grande, onde está no instituto ten 1658 habitantes, o resto distribuese en 310 entidades de poboación. O nivel de dotación en telecomunicacións no concello de Guitiriz presentan un estado aínda deficiente con problemas de cobertura da telefonía móbil e carencia de servizo de banda ancha en todo o concello, agás nos núcleos de Guitiriz e Parga. Ao igual que ocorre coa maioría das infraestructuras, os equipamentos e dotacións concéntranse nas vilas de Guitiriz e Parga. Hai unha biblioteca municipal en Guitiriz e outra en Aranga. Nestas circunstancia o centro de ensino e a súa biblioteca convétese nun importante referente cultural para os rapaces da zona. Moitos non poden desplazarse con facilidade e asiduidade o núcleo de Guitiriz onde poden atopar os máis ben escaos equipamentos culturais que poden necesitar. Por iso o traballo dos centro de ensino e da biblioteca pode ter máis transcendencia que noutras zonas onde o alumnado pode cubrir boa parte das súas necesidades e inquiredanzas culturais e de formación ó marxe do seu centro de ensino

O centro conta con 205 alumnos en ensinanzas de ESO e Bacherelato e 30 profesores.

1º ESO	2 GRUPOS
2º ESO	1 GRUPOS
3º ESO	2 GRUPOS
4º ESO	2 GRUPO
4º PDC	1 GRUPO
FPB	1 GRUPO
1º BAC	1 GRUPO
2º BAC	1 GRUPO

2-. A NOSA BIBLIOTECA

A Biblioteca do I.E.S. “Poeta Díaz Castro” de Guitiriz considérase un departamento didáctico independente e, como tal, ten o seu propio presuposto, o seu Proxecto Anual e a súa Memoria Anual ó final de cada curso.

O equipo de biblioteca está formado por cinco profesores e o seu coordinador é membro da CCP. O grupo de biblioteca realiza unha de reunión semanal, considerándose fundamental para a boa marcha do proxecto, dado que o traballo en grupo require un período de reflexión, análise e programación, imposible de facer se non é a través de reunións conxuntas de todo o equipo. A biblioteca permanecerá aberta todos os periodos de lecer e o maior número de horas posible.

Dende o ano 2006 estamos no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (2ª convocatoria 2006 Plambe_2). A participación neste proxecto facilitounos a posta en marcha dunha biblioteca realmente orientada a atender as necesidades da comunidade educativa e convertela nun punto de referencia importante para o alumnado e o profesorado do centro. A participación neste proxecto no so supuxo poder contar cun maior presuposto senón, sobre todo, cunha maiores posibilidades de formación e co contacto continuo con outras bibliotecas para aprender e intercambiar experiencias. Contamos cun importante apoio por parte do equipo directivo ó longo destes anos e cunha boa colaboración do resto dos membros do claustro.

A biblioteca conta cun volume importante de documentos (uns 9500 rexistros). De todos xeitos e necesario realizar un expurgo, pois hai unha parte do fondo que está desfasada, que non ten saída. Nos últimos anos fíxose un imoortante esforzo por adquirir material máis axeitado asnecesidades de toda a comunidades escolar, espacialmente do alumnado.

A bibliotecaa ten unha actividade bastante intensa. O pestamo de libros non deixou de aumentar nos últimos cursos, durante os recreos o nivel de ocupación e moi elevado (sobre todo dos ordenadores, pero tamén de nenos estudiando, lendo e incluso xogando o xedrez) e ven sendo usada como aula con bastante frecuencia por varios profesores: francés, inglés, sociedade e cidadanía, etc.

A biblioteca conta con 8 equipos informáticos a disposición dos usuarios, 30 postos de lectura/estudio, unha zona para lectura “pracenteira” expositores para novidades, para revistas e periódicos, etc

3-. OBXECTIVOS FUNDAMENTAIS

- **Fomentar a lectura.** Por evidente que pareza cremos que non se debe esquecer que o principal obxectivo da biblioteca escolar debe ser o fomento da lectura. Atendendo a isto tentamos desenvolver o noso labor na procura de máis lectores, de lecturas máis variadas (narrativa, poesía, teatro, contos, libros informativos, revistas, prensa, páxinas WEB, blog, etc) e lecturas de máis calidade. O **fomento da lectura** é o obxectivo fundamental da biblioteca ó que quixemos dedicar a maior parte dos traballos e actividades.
- Mellorar a biblioteca como **centro de recursos**. A biblioteca debe facilitar o acceso á información a todos os membros da comunidade escolar. Hoxe en día esa información non se pode limitar ós fondos propios da biblioteca, aínda que estes cubran unha boa parte da necesidade do alumnado, senón que ten que facilitar tamén o acceso a todo un mundo de información dispoñible na WEB. Para facilitar o acceso ós recursos consideramos prioritario traballar en tres liñas:
 - Mellorar o noso **catálogo**. Constatamos que certos erros de catalogación dificultan a recuperación da información, sobre todo cando facemos esa recuperación dende a WEB a través da aplicación Meiga na Rede de Bibliotecas de Galicia (problemas á hora de recuperar as obras dun autor por non ter ben metida a autoridade, etc). Non ter ben clasificados os libros por materias tamén dificulta as buscas. Non podemos pretender facer usuarios autónomos e logo ofertarlles unha ferramenta defectuosa.
 - Facer un **catálogo de recursos WEB**. Na biblioteca non temos todos os libros do mundo, facemos unha selección atendendo a uns criterios para facilitar recursos impresos ós usuarios. Na rede si temos todos os recursos do mundo (ou case). Cremos que debemos facer unha selección destes recursos para facilitar o seu acceso ós usuarios e ó tempo ofertarlles uns contidos cun mínimo de calidade. Igual que na selección de libros de materias, a colaboración dos departamentos didácticos é imprescindible neste cometido.
 - **Formación de usuarios**. Por último, consideramos tamén fundamental que o usuario coñeza e saiba manexar as ferramentas que lle van permitir acceder á información e a manexala.
- Manter a biblioteca como **centro xerador de actividades culturais**. A biblioteca debe tamén ser un centro dinamizador de actividades culturais. Nesta liña incrementamos a nosa colaboración co **Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística** e cos **Departamentos Didácticos**. Cremos que a biblioteca tivo ata agora unha presenza destacada en todas as actividades desenvolvidas no centro que pretendemos manter.

4.-EQUIPO DE BIBLIOTECA.

- O equipo de biblioteca estará formado por un coordinador e catro profesores. Intentamos que neste equipo se integran profesores de departamentos variados para ampliar así a perspectiva interdisciplinar na biblioteca, pero isto depende da disponibilidad horaria do profesorado e do equipo de dirección.
- Ademais do equipo de biblioteca procuramos manter unha estreita colaboración cos diferentes departamentos didácticos e especialmente co Equipo de Normalización Lingüística para organizar actividades de promoción da lectura, de formación dos usuarios, etc
- Formación **dun grupo de alumnas** que realicen tarefas (préstamo, ordenación, adquisición de fondos, información dos demais usuarios, etc) na xestión da biblioteca co obxectivo de que o alumnado asuma a biblioteca como algo seu. Pensamos que esta participación do alumnado pode servir para achegar máis a biblioteca non só aos alumnos que colaboran senón tamén ao resto de usuarios. Ademais a través destes alumnos, que informan aos compañeiros do funcionamento da biblio, os axudan a buscar información, libros, etc fomentamos a **formación entre iguais**.
- Manter o horario máis amplo de apertura da biblioteca, atendida polo profesorado do Equipo de Biblioteca ou polo grupo de apoio, tendo cubertos todos os tempos de lecer.

5. PLAN DE ADQUISICIÓN DE FONDOS

5.1.- Adquisición de libros de materias

- Impulsar a adquisición de **libros de materias** para achegarnos ás recomendacións da IFLA respecto á relación de libros de ficción e non ficción nas bibliotecas escolares
- Nos libros de materias procuraremos consultar cos diferentes departamentos didácticos, pero primando sempre o criterio de adquirir **libros axeitados para os alumnos**, especialmente da ESO, que forma o grupo maioritario de usuarios da biblioteca.
- Adquirir materiais e que cubran aqueles aspectos que, por non ser propiamente dunha materia determinada, poidan aportar **enfoques interdisciplinares**.
- **Subscricións de recursos on-line**, bases de datos, publicacións periódicas, seleccións de páxinas web por temas, directorios, portais educativos e portais de carácter lúdico ou cultural.
- Adquisición de libros electrónicos no marco do proxecto Proxecto **E-LBE. Lectores electrónicos (e-lectores) nas bibliotecas escolares**

5.2-. Implicar máis ós alumnos na adquisición dos fondos.

- **Organizar visitas a librerías** para que sexan os propios alumnos os que seleccionen e compren parte dos fondos, o que redundará no seu compromiso coa Biblioteca e o coidado dos fondos da mesma.
- **Obxectivos da actividade**
 - Dotar a biblioteca de libros axeitados ó gusto dos usuarios
 - O noso centro está nunha zona rural na que non hai moitas librerías. Unha boa parte dos nosos alumnos non van nunca ou case nunca a comprara libros salvo os obrigatorioas para as clases. Non teñen costume de ir mirar, buscar, curiosar nunha librería e escoller libremente o que máis lles interesa. Así que este xa é de por si un obxectivo da actividade
 - Forzar ó alumnado a reflexionar sobre as razóns polas que lles atrae un libro, sobre si este pode ser interesante para os seus compañeiros, axeitado para unha biblioteca escolar..., Os alumnos terán que argumentar a súa selección ante os demais compañeiros.
 - Mellorar a formación do alumnado como usuario, permitindo que participen no proceso que segue o libro dende a súa adquisición ata que o teñen á súa disposición nos andeis
 - Comprometer ó alumnado co coidado dos fondos da biblioteca.
 - Premiar a quen máis libros len e participan máis nas actividades da biblioteca: membros do club de lectura, equipo colaborador, etc
- **Organización da actividade**
 - Esta actividade está dirixida ó alumnado que participa máis nas actividades da biblioteca, no club de lectura, ou que máis libros levaron en préstamo.
 - Escollemos unha librería grande, con bastante fondo e con espazo para todos e para podernos reunir a comentar as compras realizadas
 - Cada alumna dispón do mesmo presuposto para adquirir libros. Con el poden adquirir un libro ou varios. Poden se xuntar cun compañeiro se non lle chega.
 - Unha vez seleccionados os libros as rapazas terán que explicar os demais o motivo da súa elección, a utilidade que pode ter para os demais, etc. Trátase así de que reflexionen sobre o material que é máis axeitado para unha biblioteca e para os seus compañeiros.
 - Despois, xa de volta no instituto e na biblioteca cada un catalogará os libros que escolleu e poderá facer unha dedicatoria para todos os lectores. Deste xeito pretendemos tamén que os alumnos coñezan o proceso que segue o libro ata que chega as estanterías na biblioteca.
 - A visita a librería completárase cunha visita cultural, preferentemente a a unha biblioteca pública ou a unha exposición, museo, etc

5.4-. Subscricións a publicacións periódicas

- Revisar as subscricións a publicacións periódicas e eliminar aquelas que carecen de uso por parte dos usuarios, especialmente do alumnado e incorporar algunha nova.

6-. XESTIÓN CENTRALIZADA DOS FONDOS.

- Continuar a catalogación co programa MEIGA
- Revisar o catálogo e correxir rexistros (autor, autoridades, materias, etc) para facilitar a consulta do fondo a través da rede.
- Clasificación do material audiovisual (cine) para facilitar a xestión, selección de novos fondos e o acceso ós mesmos por parte do usuario
- Organizar unha nova sección que reúna os libros de materias máis útiles e atrcativos para o alumnado e darlles máis visibilidade na biblioteca. Observamos que o alumnado non adoita consultar ós andeis onde están os libros de materias (ciencia, bioloxía, física, historia, etc). Os libros están ordenados seguindo a CDU e mesturando libros moi densos e pouco axeitados ó nivel do alumnado con outros que si o son. A nosa intención e formar un centro de interés (TOP 100) onde se sitúen os libros de consulta que polo seu contido e presentación formal podan resultar máis atractivos para o alumnado, sobre todo da ESO.
- Elaborar un plan de expurgo. Na actualidade temos máis de 9000 rexistros, pero hai moito material que non ten apenas uso, que está desfasado, repetido, etc.
- Elaborar un catálogo de páxinas WEB e recusrsos en internet de diferentes materias. Facilitar o acceso a este catálogo a través do Blog da biblioteca.
- Recompilar e catalogar o material de interés para o comunidade educativa xenerado polos profesores e alumnos: unidades didácticas, traballos dos alumnos, relatos, etc . Nesta tarefa non andamos moi ben

7-. PROMOCIÓN DOS RECURSOS

- Dar publicidade as **novidades** nos diferentes expositores, prestando especial atención ós que estean fora da biblioteca. Dispoñemos de varios espositores fora da biblioteca, no Hall e nos pasillos onde promocionar as novidades. Do mesmo xeito, dentro da porpia biblioteca tentaremos manter sempre ven visibles, en expositores axeitados, as novidades antes de incosporalas ó andel.
- Colocar un panel nun lugar visible da biblioteca para que os lectores coloquen as súas propostas, críticas e comentarios dos libros que len. Pode valer para aqueles que chegan a biblioteca pero non saben o que queren e tampoco buscan noutras fontes para se informar
- Manter o **blog** www.bibliodiazcastro.blogspot.com como escaparate da biblioteca cara ó exterior
 - Publicitar as novidaes máis destacadas no blog.

- Impulsar a **participación do alumnado na creación de post**. As recomendacións de libros realizadas polos propios alumnos adoitan ser máis eficaces que as que facemos os profesores. Dar un escaparate no blog a estes cometarios.
- Realización de pequenos documentos audiovisuais com recomendacións de libros. Trátase de utilizar un medio mais atractivo para o alumnado. Serán os lectores o que recomenden ou comente as súas lecturas favoritas e nos as publicaremos no blog
- Converter o blog no **portal de acceso virtual a biblioteca**: acceso ó catálogo, formación de usuarios, comentario de obras, selección de recursos electrónicos, enlaces a outras bibliotecas, etc
- Implicar máis ó profesorado de diferentes áreas na elaboración de contidos, enlaces, etc
- Seguir coa publicación das actividades da biblioteca. No blog procuramos reflexar boa parte das actividades que se fan na biblioteca ou que se organizan dende a biblioteca
- Manter a presenza do blog na WEB do centro
- Realizar **mostras bibliográficas ou exposicións temáticas** co fin de sacar os libros da biblio e facelos máis visibles. Procuraremos aproveitar feitos ou acontecementos de actualidade para facelas máis atractivas e apoialas con actividades. As mostras fanse habitualmente no Hall do centro por onde pasan todos os días todo o alumnado, persoal do centro e tamén nais e pais que se achegan o insti por calquera motivo. Realizar unha mostra ó mes polo menos. Ver
- **Promoción do Cómic** nos clubs de lectura, exposicións temáticas, dende o blog. etc. Aínda que pareza un xénero especialmente destinado ó público xuvenil a realidade, polo menos en Guitiriz, é que non ten demasiados lectores. En colaboración co departamento de debuxo pretendemos realizar un taller de Cómic con algún autor galego.
- **Impulsar o saída dos fondos audiovisuais:**
 - Fomentar o uso do cine na clases dándolle o mesmo valor que lectura de obras literarias
- Publicación de **boletíns** con recomendacións de lecturas en datas sinaladas (día da biblioteca, nadal, entroido, día do libro, etc).
- Edición **Boletín de Actividades da Biblioteca** na revista **LELIADOURA**, con recomendacións de lecturas, cine e música para alumnado, pais, nais e avós.

8. FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL

- Organizar **calendario de visitas guiadas á biblioteca**, en colaboración coa Xefatura de Estudos, para 1º e 2º ciclo da ESO, PCPI e PDC's. Nestas visitas se explicara ós alumnos o funcionamento da biblioteca, as normas, usos que pode ter, localización de documentos ...
- Como nos anos anteriores dedicarase especial atención ós **alumnos que se incorporan en 1º da ESO**, para o que o profesorado adscrito a Biblioteca preparará material axeitado.
- As sesións de formación repartiranse ó longo dos tres trimestres. En función da disponibilidad horaria procuraremos desenvolver máis sesións no primeiro trimestre. Dado que o alumnado de 1º e 2º da ESO dispón de ordenadores nas aulas (Proxecto Abalar) pódese coordinar algunhas sesións coa hora de titoría e realizalas na propia aula (busquedas no catálogo en rede, busquedas de información en internet, etc). Outras haberá que realizalas necesariamente na propia biblioteca.
- Prestaremos especial atención á **formación directa e individual** do usuario. Moitas veces a explicación individual ó alumno que vén pedir un libro, unha película ou buscar información resulta máis eficaz que a organización de sesións para grupos. Nese momento o alumno ten interese por localizar un documento, está mais disposto a saber cómo se fai, qué posibilidades oferta a biblioteca, etc. Este contacto directo co usuario é máis habitual e permite coñecer a valoración que fan da biblioteca, estar atentos ás súas preferencias e tamén impulsar as lecturas de calidade, recomendar obras, etc.
- Poñer a disposición dos usuarios un manual de uso da biblioteca no blog e nos diferentes postos de lectura e consulta de ordenador.
- Este ano dedicaremos atención a **formación de lectores en soporte dixital**, dado que poderemos dispor de varios e-reader ou lector de libros electrónicos.
- Organizar **actividades periódicas de busca de información**, (tipo busca do tesouro) para que os alumnos adquieran o hábito de manexar distintas fontes documentais e se familiaricen coa localización destes. Implicar ós Departamentos Didácticos na programación e realización destas actividades.
- **Organizar visitas a librerías** (xa comentada antes)

9. FOMENTO DA LECTURA : DESENVOLVEMENTO DO PLAN LECTOR

9.1-. Hora de ler

- **Garantir o cumprimento da *Hora de ler***, atender á renovación de todas as bibliocaixas en función da dinámica lectora dos grupos e das suxestións realizadas. Entendemos esta exitosa experiencia como parte da dinamización da lectura pracenteira, versión imprescindible da lectura no PLAN LECTOR. **Avaliar en cada trimestre** o seguimento e aproveitamento desta actividade, a alumnado e profesorado
- **Obxectivos**
 - *Ler e disfrutar coa lectura*
 - Garantir o dereito a ler do alumnado
 - Dar a coñecer os fondos bibliográficos, achegándoos ás aulas. Valorar as necesidades e demandas da comunidade educativ
 - Descubrir “novos lectores”
 - Descubrir “novas temáticas”
 - Disfrutar e coñecer fragmentos doutras obras que inciten a meterse nelas
- **Organización**
 - Cada día se dedicarán 20 minutos diarios na propia aula do grupo para facer **lectura pracenteira** . Cada semana será a unha hora: primeira semana a primeira hora, segunda semana a segunda hora, etc. Trátase de implicar así a todo o profesorado do centro e de non cargar máis a certos profesores coa redución permanente duns 20 minutos nunha sesión semanal, Colocarase un calendario en cada aula para informar ó profesorado e alumnado.
 - CADA VENRES UN POEMA (ou varios) Os venres estarán dedicados á poesía. En cada bibliocaixa hai unha selección de poemas nunha carpeta. Poderase coller algún deses poemas e o final da sesión devolvelos á carpeta. Por suposto pódese ler calquera outro libro de poesía
 - Cada aula dispón dunha **bibliocaixa** cuns 40volumes de libros de materias variadas (narrativa, poesía, libros infomativos, fotografía, etc) A selección recollerá as suxestións do alumnado e as recomendacións do profesorado. Os fondos serán renovados en función da capacidade lectora do grupo (aprox. cada dous meses). Pódese **reservar** material da bibliocaixa dunha sesión a outra. Apuntarase no caderno ou no cartel co listado dos libros
 - Pódese **traer lectura da casa**, non é necesario ler o material da bibliocaixa.
 - Cada aula disporá dun caderno para anotar comentarios sobre os libros.
 - Pódense empregas os 5 primeiro minutos para ler un texto en voz alta: exemplo do profesor, doutro profesor invitado e dos alumnos

9.2-. Clubes de Lectura

- **Finalidades do Club de Lectura.**

- A súa finalidade é o fomento da lectura entre os alumnos e alumnas do instituto, a través de lecturas variadas, apoiándose principalmente, que non exclusivamente, en dous piares, a narrativa e a poesía, tanto en lingua castelá como en lingua galega. Neste ano tentaremos impulsar tamén a lectura do cómic. A finalidade do Club de Lectura “Biblolandia” enmárcase plenamente nos dous obxectivos principais do Plan Lector do Centro: “ler para comprender” e “ler para gozar”, que están sinalados no parágrafo 6 do Plan Lector” **O club de lectura contribúe tamén á creación de hábitos lectores na comunidade educativa.**

- **Funcionamento do club de lectura**

- **Club 12-13.** Dirixido a rapazas e rapaces de 12-13 anos (de 1º a 2º ESO). Acudirá o alumnado que estea interesado en ler un libro baixo a supervisión da profesora María Miragaya Pereira. Este tipo de agrupamento, no que se realizan lecturas presenciais, vén xa funcionando dende hai anos, polo que continuaremos con esta modalidade. Reunións: mércores ou xoves desde 11:00h. ata 11:30 h.(tempo de lecer).
- **Club 14-15.** Formado por alumnado que xa leva vario anos no grupo de lectura e demanda textos diferentes. Reunións: mércores ou xoves desde 11:00h. ata 11:30 h.(tempo de lecer).
- **Club 16-18.** Dirixido a rapazas e rapaces de 16 a 18 anos (4º ESO a 2º BAC). As reunións virán marcadas polo ritmo de lectura, procurando ter unha xuntaza ao mes. Trátase de atraer a alumnado máis reacio a participar neste tipo de actividades propoñendo unha selección de lecturas máis axeitada á súa idade. Reunións: o último xoves de cada mes. Responsables: profesores do equipo de Biblioteca. (poderán variar dependendo dos textos escollidos
- **Club poesía** Club de poesía aberto a todos os alumnos e alumnas. Martes 11:00h. ata 11:20h. (tempo de lecer). Responsable:
- **Relacións con clubs de lectura doutros centros**
 - Permiten abaratar os custos, mediante o intercambio de libros
 - Amplían a as relacións dos alumnos, a través dos libros e da lectura con outros rapaces. Esta relacións pódense establecer inicialmente a través co correo electrónico. En función dos resultados pódese realizar un encontro entre os membros dos diferentes clubs
 - Permite aprender doutras experiencias e aplicalas no propio club.
 - Manter e incrementar os intercâmbios com clubs de lectura da Coruña com vistas a realizar unha sesión conxunta con algún dos autores leídos no clubs

9.3-. Lectura en voz alta e compartida:

Apadriñamentos lectores: participación do alumnado en actividades de lectura nos centros de primaria do contorno. Para realizar o día do libro infantil e xuvenil. Esta actividade consiste na lectura en grupo de contos nos colexios de infantil e Primaria do contorno (Guitiriz, Parga e La Castellana) formaranse varios grupos para cubrir os tres colexios da zona e os diferentes niveis de infantil e primaria nos que se realizarán as lecturas. Desde o curso 2010-2011 propuxémonos conmemorar o día do libro celebrando un encontro "lector" cos pequenos dos colexios de primario do noso concello. Ao noso IESacuden alumnos de tres colexios: o CEIP Plurilingüe Lagostelle de Gutiriz, o CEIP Plurilingüe Santo Estevo de Parga e o CEIP da Castelá, que están, ademais, en localidades diferentes. A nosa pretensión era facer as lecturas o mesmo día e ao mesmo tempo nos tres colexios, coincidindo coa celebración do día do libro, a pesar de que isto podía supoñer certo dificultades de coordinación á hora de fixar o día, os horarios, os desprazamentos ... A actividade consiste basicamente na lectura de contos por parte do alumnado de secundaria aos pequenos de infantil e primeiro ciclo de primario dos colexios do contorno. Ao longo deste anos fomos introducindo pequenas modificacións, supoñemos que para melloralas, que iremos comentado. Pretendemos un contacto estreito entre o lector e os pequenos, que lles permita a estes participar máis activamente, preguntar, interromper, mirar o libro, tocalo e, mesmo, ler tamén. O ideal sería un lector por pequeno, pero iso é difícil xa que temos que atender a uns 180 alumnos de infantil e primeiro ciclo de primario entre as tres coles. O primeiro ano contamos cuns 30 voluntarios, o segundo ano apuntáronse 60 voluntarios xa uns 100 desde o 2013 o que da unha idea da boa acollida que a actividade ten entre o alumnado. Nos colexios formaron grupos de dous ou tres pequenos de maneira que os nosos lectores irían rotando para ler o seu conto a diferentes grupos. Procuramos ter un lector para cada dous ou tres pequenos.

Na nosa biblioteca non temos contos axeitados para esas idades así que recorremos as bibliotecas dos propios colexios e a un préstamo da Biblioteca Ágora da Coruña. Para preparar as lecturas contamos coa axuda dos profesores de linguas, que aconsellan e ensaian cos lectores, e dos titores, que facilitaron tempo para preparalas. Desde a biblioteca preparamos un documento cunha serie de recomendacións que entregamos a cada lector co seu conto. A semana anterior reunímonos por grupos na biblioteca para explicar esas recomendacións e poñelas en práctica. Neste último curso o alumnado de música preparou coa súa profesora uns contos musicados que fixeron as delicias de grandes e pequenos. Esta relación entre música, narración e poesía está a traballarse tamén noutras iniciativas conxuntas da biblioteca e o departamento de música.

A actividade ten ademais unha continuidade nos colexios pois os mestres sieguen traballando cos pequenos ao redor dos contos lidos nesa xornada mediante a elaboración de diferentes materiais cos pequenos (debuxos, historias inspiradas nos contos, uns estupendos cadernos pequenos decorados con escenas das lecturas...). Desta maneira os pequenos toman un papel máis activo, non de meros receptores, e a actividade prolongáse no tempo. Todo este material acaba sendo enviado ao noso centro onde os nosos lectores recíbeno con gran ilusión, sendo conscientes da repercusión que ten así o seu traballo.

Consideramos que estas experiencias de apadriñamentos achegan moitas cousas ao noso alumnado:

- Apreciar a lectura como algo lúdico que se pode compartir e gozar con outros, que mesmo permite coñecer xente con intereses comúns. Os nosos alumnos redescubrieron a lectura como elemento motivador para a comunicación e como xogo.
- Ver, na lectura no alto, un medio para mellorar a nosa comprensión lectora. Para poder ler ben no alto é necesario entender correctamente o texto, o seu vocabulario, expresións, sentido ... hai que buscar no dicionario, preguntar. Para contar, recitar correctamente ou cantar, os alumnos tiveron que ler os textos e profundar neles ata conseguir a interpretación desexada.
- Aproveitar a lectura no alto para mellorar a nosa capacidade de expresión oral, pois os lectores tiveron que aprender a dominar unha serie de recursos moi útiles, tamén expresión oral, que por certo trabállase moi pouco nos centros de ensino e que, con todo, necesitamos e usamos todos os días na nosa vida: respectar os signos ortográficos; ter en conta non só a entoación lingüística senón tamén a entoación emocional; apreciar os cambios de ritmo, os silencios, como recursos para manter o interese do público; saber que cada tipo de texto require un ton, unha modulación, unhas inflexións; axudarse dos xestos para resaltar algunhas pasaxes, palabras, etc.
- Valorar a importancia de preparar ben as cousas para obter resultados satisfactorios. Os nosos alumnos sentiron unha gran satisfacción por volver ás súas súas antigas coles e, diante dos seus mestres, mostrar o que saben, ensinar algo aos máis pequenos.
- Cremos que a experiencia é moi interesante no só para os nosos alumnos senón tamén para os pequenos, que viviron un día especial, gozando da lectura como xogo, participando de maneira activa, preguntando, interrompendo con curiosidade, lendo ... e para os profesores pois nos permite compartir experiencias con outros centros, observar aos nosos alumnos fose do traballo habitual no centro, apreciar se o que ensinamos na aula ten aplicación fose ela, etc

Taller de contacontos a cargo de Tropa de Trapo para o alumnado de 1º de ESO. No taller os alumnos traballan diferentes habilidades relacionadas coa lectura en alto e tradición oral: expresión corporal, improvisación narración improvisadas e compartidas, etc

Recitais de poesía Trátase animar ó alumnado para que aprenda a recitar correctamente. Coa colaboración das profesoras de linguas pretendemos que cada alumno do cenro escolla un poema o memorice e aprenda a recitalo. Facilitarase unha selección de poemas a cada grupo de facilitarase a hora de ler dos venres para a lectura de poesía.

9.4-. Lectura de poesía

- Nas bibliocaixas para a hora de ler a poesía debe ter un papel destacado e tamén nas michilas viaxiras
- **Recitais de poesía** no vestíbulo do centro. O longo do curso realizaranse varias lecturas públicas de poesía no Hall do Centro. En anos anteriores a estas lecturas presentáronse bastantes alumnos e algúns porfes. Un xeito de facelas máis atractivas pode ser escoller poemas que teñan unha adaptación musical e vela e escoitala despois da lectura. Para esta actividade contamos dos departamento de Lengua Castellana, Lingua Galega, Inglés e Francés, a hora de escoller e preparar cos alumnos as lecturas. Tamén nos días anteriores os alumnos interesados en participar poden utilizar a Hora de Ler para seleccionar poemas e practicar o recitado
- **“Regáloche un poema”** no día dos namorados. O alumnado que queira poderá escoller un libro para un compañeiro ou compañeira, acompañalo dun poema seleccionado por el (terá que copialo a man). A biblioteca comprométese a facer chegar o libro e o poema ó destinatario, acompañado ademais dunha flor. Una vez recollidas as cartas e os libros, os carteiros da biblioteca (alumnos colaboradores da biblioteca) as distribuirán polas aulas. Con isto pretendemos, sobre todo, que os alumnos se acheguen á poesía (supoñendo que lesen os poemas que enviaron e lesen os que recibiron).
- **Recital poético a cargo de María Aldao e Lucía Lado**
- **Visita á casa-Museo de Manuel María e ruta literaria.**

9.5-. Mochila Viaxeira

Nesta iniciativa recollemos a proposta de bibliotecas escolares de Galicia.

http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/Diptico_mochilas_viaxeiras.pdf

- **Obxectivos**
 - Implicar máis as familias no fomento da lectura
 - Dar a coñecer os fondos da biblioteca. Cada mochila debera conter un pequeno manual de uso da biblioteca, explicando como acceder ós fondos dende internet e invitando ás familias a facer uso deses fondos
- **Contido da mochila**
 - Cada mochila levará un lote de libros de contido variado. Consideramos que debe leva: comic, poesía, narrativa curta, algún libro de materia, algunha revista (sobre libros, de divulgación científica, histórica).
 - Deberá levar libros en galego e en castelán
